

Palabras do Sr. Alcalde da Coruña, D. Xulio Ferreiro, na inauguración das I Xornadas “Olga Gallego” de Arquivos

A Coruña, 2 outubro 2015.

Intro breve

Paremos un momento e fagámonos unha pregunta: canto tempo hai que aconteceu o 15M? Parece que estivese aquí dende o principio.

A dous meses da primeira ocupación das prazas, un xornalista facíase esta mesma pregunta. E xa estaba claro o que o 15M significa. E xa había una palabra clave: transparencia.

Moito se ten discutido sobre o que o 15M foi capaz de producir. Quedo coa metáfora que empregaba Amador Fernández-Savater: o 15M como clima, como algo capaz de permear silenciosamente o sentido común.

Hoxe, o noso sentido común foi conquistado polo 15M. Parécennos centrais, naturais, algunhas cousas que hai dez anos non estaban sobre a mesa. A necesidade de transcender a democracia representativa abrindo espazos para a participación directa é unha delas. A transparencia é outra.

Tan instalada está a transparencia no sentido común dominante que mesmo aqueles que espoliaron os recursos públicos ou aqueles que se dedicaron a crear axencias de colocación para favorecer amiguetes falan de transparencia.

Iste é importante, moi importante: non perdamos o significado político da transparencia.

A transparencia, dunha banda, a resposta a un dereito, o dereito de acceso á información. É tamén unha ferramenta para mellorar a calidade da nosa democracia facilitando o escrutinio de quen nos goberna. E, por último, é tamén un tratamento preventivo contra a corrupción.

A xustiza é o castigo a corrupción; a transparencia, a prevención.

Anuncios

Traballando dende o primeiro día. Comezamos por nós mesmos, publicando na páxina web do Concello as nosas declaracións de bens e IRPF e cumprindo así un dos nosos 25 compromisos para os 100 primeiros días de goberno. Propuxémosllo tamén a oposición (publicar o IRPF), pero non quixo facelo. Intentarémolo de novo o ano que ven. E o seguinte. Até que a ninguén se lle pase pola cabeza non facelo cada ano.

Outro deses compromisos para o inicio do mandato consiste na publicación das nosas

axendas. Que calquera poida saber que fai en cada momento o seu alcalde. Con quen se reúne, de que fala e onde. Outro obxectivo que estará cumprido este mes. Non o fixemos antes porque na transparencia, ademais do obvio, é clave outra cousa: a accesibilidade e a calidade da información. E estamos a traballar, grazas á xenerosidade das compañeiras do goberno municipal de Madrid, con quen cooperamos na rede de cidades rebeldes, nunha ferramenta informática para que ademais de públicas, as nosas axendas sexan doadas de consultar. Cando a teñamos lista, tamén a poremos a disposición dos grupos da oposición.

Queda moitísimo por facer en materia de transparencia no Concello da Coruña. Moitísimo. E é unha das nosas prioridades para este mandato. Por iso, a partir da semana que vén, queremos poñer a cero o reloxo da transparencia. Iremos revisar os Indicadores de Transparencia de los Ayuntamientos, os indicadores ITA, que actualmente están publicados na web municipal. Porque están inflados. E é importante que todos e todas saibamos de onde partimos.

A transparencia non se constrúe con golpes de efecto nin heroicidades dun día. Para que os avances en transparencia sexan sólidos e irreversibles, é necesario un pacto. Un pacto da institución coa cidadanía, que estableza as regras do xogo e os compromisos que cadaquén asume, e un pacto da institución consigo mesma, que se traduza na dotación de recursos humanos e económicos (porque a transparencia dá traballo) a unha mellora dos procedementos que integre os criterios de transparencia.

Ademais de poñer a cero o reloxo da transparencia, queremos preguntar. Preguntarlle á xente que información lle parece máis importante, para priorizar o traballo que temos por diante, e preguntarlle aos traballadores e as traballadoras do Concello da Coruña, cal é a mellor maneira de integrar a transparencia no funcionamento ordinario da institución.

Quedamos moito traballo por facer. Hai moita información que a cidadanía non coñece (como os contratos menores, que axiña estarán na web municipal) e moita información que se fai pública de maneira inadecuada. Porque os orzamentos anuais do Concello son públicos, pero non comprensibles ou accesibles para calquera. Temos que traballar na mellora da visualización de datos. Non é moito máis doado comprender a que dedica o teu goberno municipal os cartos cando poder cruzar esa información coa túa contabilidade doméstica?

É necesario deitar luz sobre o funcionamento ordinario da Administración local. Permitir que a cidadanía poida facer un seguimento do gasto, da débeda, dos principais indicadores económicos, do consumo enerxético, das decisións que se toman. Pero tamén, isto é importantísimo, dar facilidades para que se faga un escrutinio da acción de goberno.

Este equipo de goberno entrou en María Pita cun documento público de 25 medidas a implementar nos primeiros 100 días. E iso permite que agora esteamos a ser fiscalizados polos medios de comunicación e a xente da Coruña. Oxalá poidamos rematar o mes de outubro coas 25 medidas en marcha. Pero aínda que non fose así, quedaríamos coa satisfacción de ter mellorado a calidade democrática do Concello facilitando o debate.

Iremos seguir por ese camiño, e propoñémonos, ao longo deste mandato, incorporar á páxina web do Concello da Coruña un plan de acción de goberno transparente e conciso,

compromisos claros e prazos concretos, para que poidamos facerlle un seguemento en tempo real. E ao finalizar o mandato, publicaremos tamén unha memoria co grao de cumprimento dos nosos compromisos. É un deber: o Código Ético da Marea Atlántica esíxenos render contas e dálle á cidadanía a posibilidade de esixir a nosa destitución en caso de incumprimento reiterado e non xustificado do programa.

Iste, e moito máis, pasando pola aprobación dunha ordenanza na que gobernos anteriores gastaron cartos e puxeron pouco interese e pasando polo cumprimento dos mínimos que establece a Lei de Transparencia, é o que nos propoñemos para este mandato. Sen prása pero sen pausa.

Peché

Moito por facer, moita ilusión, moita vontade de cooperación dentro e fóra de María Pita.

Cada avance en materia de transparencia é un paso adiante na calidade da democracia e un paso atrás da corrupción.

Oxalá estes catro anos deixen no Concello da Coruña unha pegada equivalente, a escala, á que deixou o 15M.

Se cambiamos os métodos, cambiamos a política, veña quen veña.